

## PORTO DE PONTECESURES


Pontecesures é un concello pequeno pero economicamente moi puxante. Dise que o porto tiña unha salientable importancia xa dende a época romana. Na Idade Media, converteuse no Porto de Iria Flavia; e no s.XII, en tempos do Bispo Xelmírez, en esteiro da Armada de Castela. A partir do ano 1467 é cando, baixo o reinado de Enrique IV, o porto pasa a ser o único da Ría de Arousa que contaba con autorización, por Provisión Real, para a carga e descarga de sal.

Arredor del foi desenvolvéndose unha estrutura urbana de rúas estreitas e pequenas vivendas mariñeiras, que lle confiren un carácter particular ó Barrio do Porto. O incipiente auxe económico, que acontecía no s. XVIII, propiciou a aparición, da man de Carlos IV, dun Almacén ou Alfolí de Rendas Estancadas, que acubillaba produtos de valor como a sal, o tabaco, a pólvora ou o xofre. Hoxe en día consérvanse en bo estado os antigos muros de contención e as ramplas de botado.

*Pontecesures es un municipio pequeño pero económicamente muy pujante. Se dice que el puerto tenía una gran importancia ya desde la época romana. En la Edad Media, se convirtió en el Puerto de Iria Flavia; y en el s. XII, en tiempos del Obispo Gelmírez, en astillero de la Armada de Castilla. A partir del año 1467 es cuando, bajo el reinado de Enrique IV, el puerto pasa a ser el único de la Ría de Arousa que contaba con autorización, por Provisión Real, para la carga y descarga de sal.*

*Alrededor de él fue desarrollándose una estructura urbana de calles estrechas y pequeñas viviendas marineras, que le confieren un carácter particular al Barrio do Porto. El incipiente auge económico, que acontecía en el s. XVIII, propició la aparición, de la mano de Carlos IV, de un Almacén o Alfolí de Rentas Estancadas, que albergaba productos de valor como la sal, el tabaco, la pólvora o el azufre. Hoy se conservan en buen estado los antiguos muros de contención y las ramplas de botado.*

- |   |   |
|---|---|
| (1) Ramplas de botado / slipways        | (5) Iglesia de San Xulián / Church of St Julian |
| (2) Muro de contención / retaining wall | (6) Ayuntamiento / Town Hall                    |
| (3) Puerto / Port                       | (7) Iglesia de San Lois / Church of St Lois     |
| (4) Puente romano / Roman bridge        |   |




(1) Ramplas de botado

(2) Muro de contención

## TERRITORIO DOS VALES DO ULLA - UMIA

### Ruta Histórica



*Pontecesures is a small but economically flourishing municipality, with a port whose importance is said to date from Roman times. In the Middle Ages it was known as the Port of Iria Flavia, and in the 12th century, in the times of Bishop Gelmírez, it became the naval yard for the Navy of Castile. In 1467, during the reign of King Enrique IV, it was named, by Royal Appointment, as the only port of the Arousa Estuary authorised for the loading and unloading of salt.*

*The area around the port gradually acquired an urban structure consisting of narrow streets and small sailors' and fishermen's cottages, which give the port district, known as the Barrio do Porto, its particular flavour. The incipient economic boom of the 18th century led to the construction, ordered by King Charles IV, of an Alfolí de Rentas Estancadas, a warehouse for the storage of valuable goods that enjoyed a State monopoly, such as salt, tobacco, gunpowder or sulphur. The old retaining walls and slipways are still in good condition.*